

De conversa: Constante Rodríguez

Cedofeita

A vida asociativa dunha parroquia necesita para desenvolverse dunha serie de persoas dispostas sempre a botar unha man; nunha parroquia cun alto grao de actividade neste campo como é a de Lérez, unha desas persoas é Constante Rodríguez e así o testemuña a súa presenza ao longo do tempo en asociacións de distinto tipo: confraría, veciñais, montes en man común, cáritas...

Esta pequena conversa pretende achegarnos ao lado humano deste lerezán de adopción que nos recibe na súa casa do lugar da Piolla.

A actividade profesional de Constante foi sempre a de encadernador, un encadernador dos que xa non quedan, coñecedor de tódolos segredos do oficio do que fala con paixón acompañando con xestos das mans que reproducen a tarefa de dobrar o papel, recortalo, etc. Destaca que hai que ser moi curioso para facer este traballo. Polas súas mans pasaron exemplares moi importantes anque na súa modestia descarta todo protagonismo.

Constante é un home de crenzas relixiosas, bo coñecedor da vida parroquial, tanto do bo como do malo, que de todo houbo. Foi moito tempo presidente de Cáritas parroquial levando a cabo, xunto con outras persoas, un labor asistencial a diversas familias. Tamén participou na Cofradía do Santísimo Cristo do Consuelo, coro parroquial, etc. Como a maioría dos lerezáns, garda un bo

recordo de D. Leandro do que lembra diversas anécdotas así como de D. Samuel e de D. Manuel Osorio, moi boa persoa, o cura dos nenos.

Como tódolos homes da súa xeración, o servizo militar e a participación na guerra civil supuxo unha experiencia capital na súa vida. Lembra a súa presenza con 18 anos na fronte de Teruel, a caída das bombas, a súa primeira garda o día de Noiteboa e tamén unha quintada que fixo cando lanzou unha bomba Laffite a un inimigo que resultou ser un raposo ao que lle venderon a pel o día seguinte. Tamén a estancia en Asturias con grandes nevadas, sen ter que comer e tanto os soldados como os maquis tiñan unha sorte de pacto de non agresión e cada un andaba á súa vida.

Sirvan estas liñas de recoñecemento a unha persoa que aos seus 84 anos conserva ánimos para seguir participando en diversas iniciativas.

